

O "CLICK" DA MIÑA VIDA

Fágoo ou non o fago? Pode que agora xa vivín a experiencia, pero non podo evitar pensar, cunha cabeza chea de incerteza, se volver comezar sexa o mellor.

Onte regresei dunha experiencia que, sen dúbida, aínda que xa teña uns consolidados trinta e sete anos, foi o que verdadeiramente me fixo madurar nesta vida.

Nestes anos, case unha década completa, deime conta de cal é realmente o valor da vida e, como, para nós, uns detalles tan sinxelos, aos que non lles damos ningún valor sentimental, é, para outros, o que lle pode dar a vida.

E é que, despois de estar desconectada da rede, e de todas esas adicións, fíxome descubrir cales son os praceres verdadeiros da vida e de como, os meus anteriores anos, foron completamente tirados ao lixo.

Todo comezou cando, na miña cidade, sempre allea ao que pasaba fóra das seus límites territoriais, estalou o que asemellaba un gran conflito. A xente, quen pensaba que nalgún día deses posiblemente ía perder a vida, non se daba conta da que realmente pasaba, que non era máis que pintar unha máscara nun lenzo.

Eu, traballaba entre as autoridades e, puideren ver o que, entre o alcalde da cidade lucense e o presidente da goberno nacional, estaban planeando. Todo, o que aos inocentes ollos da poboación era algo preto a unha guerra civil, non era máis que un maquiavélico plan entre autoridades que, mediante as loitas e o secuestro, pretendían botar da terra aos inmigrantes.

No tempo no que eu cheguei a observar, ninguén soubo moi ben cal era a razón, pois aparentemente, era unha fonte de ingresos na economía local que todos aplaudían. Mais, non fun quen de paralo -estabamos todos ben advertidos, pero tampouco podía seguir agochando a carga.

Así pois, foi como terminei tomando a decisión máis impactante da miña vida. Recordo estar diante da computadora, coas mans ben temerosas e suorentas, sen saber moi ben se aquilo ía ser o acertado. O que se me presentaba alí era perigoso, si, mais creo que pagaba a pena. Finalmente, tras uns minutos que semellaron horas, fíxeno. Pulsei sobre o botón de voluntariado e, ese "click", na miña mente retumbou por toda a habitación. Xa, xa estaba, en menos de vinte e catro horas a miña figura de metro e medio desaparecería daquela cidade, sen deixar rastro de vida durante un gran período de tempo. Mais, se mal non recordaba, algo semellante fixérao o heroe de Hércules, non si?

O avión aterrou tras sobrevoar por completo a sabana africana, e, tras desa experiencia, unha pequena furgoneta azul trasladoume ata a tribo á que pertencería durante uns anos.

Deixei atrás a cidade para, agora, estar entre as montañas no deserto areoso.

Nada máis chegar, os habitantes, arredor duns trinta, entre eles nenos e adultos, quedáronse petrificados mirándome. Non me dixeron nada durante unha semana, soamente se achegaban á miña cabana a darme a comida, pero sen apenas contacto visual. Mais, eu ben sabía que polas noites, cos seus ollos negros acibeche, quedábanse mirando atentamente para a miña sombra.

Teño que recoñecer que as primeiras semanas arrepentinme, mais, provocada pola miña misión, ao cabo dun tempo decidínme a saír e a cambiar vidas.

Alí, construí unha pequena escola, chamada "Grands e petits", no idioma que eles falaban, o francés. Ao principio, non era máis que un lugar onde lles ensinaba as cousas básicas da educación, como sumar e restar. Non obstante, co paso do tempo decidínme a abrir mentes, e probei cun pequeno libro en galego de Begoña Caamaño, titulado *Circe ou o pracer do azul*.

E así, foi como formamos a comunidade que chegamos a ser. Eles, incluíanme nas súas celebracións e tradicións e, eu, a cambio, agasalláballes unhas palabras dos libros que, a pesar de estar nun idioma descoñecido para eles, chegaba suficientemente aos seus cerebros como para conseguir provocar unha emoción.

Sete anos despois, unha imaxe coñecida achegouse ata alí, e, desgrazadamente, eu sabía para que viñan. Da furgoneta, azul clara, saíron dous homes, altos e fortes, que me deron a noticia.

No momento da despedida, houbo un detalle que me emocionou. Simbade, o xefe da tribo, díxome unhas palabras que me cambiaron a vida, no meu idioma nativo. «Adeus, Sara, grazas por todo. Chegaches ás nosas vidas como estranxeira, pero agora xa non es iso.

Nunca de esqueceremos»

E, agora, volvemos chegar ao punto de partida. Cando sobrevoaba cara a España, a miña intención era, se todo estaba ben, volver traballar na cidade lucense. Mais volvo caer na tentación, e non puideron evitar entrar na páxina que me cambiou a vida. Non sei se facelo, ou, máis ben, non sabía. Ata que pensei atrás, en como ninguén veu visitarme tras a miña chegada. Pensei no máis importante.

Eles ensináronme a voar, a volver coñecer a vida, como nunca antes o fixera.

Así que, volví facelo. Xa está, acabo de facelo. Volveu acontecer o que fixo posible toda a experiencia.

E volví pulsar sobre o botón de voluntariado, o "click" resoou por toda a habitación. En menos de vinte catro horas tomaría como novo destino a selva sudamericana.